

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 10/11/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10/11/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de novembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3865

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa solicitude de estacionamento, con número de rexistro WEB2025007631 (RE-637/25), de data 16/09/2025, presentada por Colexio Sagrada Familia en Vilagarcía, no que de indica:

- Con relación dificultades para deixar alumnos nas proximidades do colexio, solicitando unha modificación na que se pide a autorización de estacionar nunha zona que na actualidade é totalmente peonil e que precisamente se habilita así para xerar seguridade aos alumnos e usuarios que usan como peóns as zonas citadas. (Zona 1).

- Con relación á ampliación de horario de estacionamento, faise constar que na actualidade a zona referida está habilitada como zona de estacionamento para usuarios da praza e con horario de funcionamento da mesma, polo que calquera modificación requiriría unha modificación da Ordenanza municipal de Circulación e do Bando de Illas de peons. Sendo practicamente imposible que esta zona se atopase libre de vehículos para o que se pretende no escrito, xa que para poder usar a zona os usuarios do centro habería que dispoñer de tarxetas de autorización, pois ao permitir o estacionamento nestas zonas podería usalas calquera condutor, polo que estas zonas estarían completamente cheas de vehículos sen dar solución ao solicitado e ademáis xerando un risco aínda máis alto para os peóns que circulan a pe pola zona e que acoden ao centro educativo desta maneira. (Zona 2).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta do indicado no informe da Policía Local ao Colexio Sagrada Familia.

PRP2025/4313

Actualmente o Concello é propietario dunha licenza da Base de Datos Microsoft SQL, versión 2012 Standard, esta BBDD está en funcionamento nos servidores do Concello.

É totalmente necesario a actualización da versión desta da Base de Datos Microsoft SQL actual por estar descatalogada e por motivos de compatibilidade coas novas aplicacións informáticas do Concello. Polo tanto propoño a compra da ultima versión da licenza da Base de Datos Microsoft SQL, versión 2022, coas seguinte características:

- Tipo de Licenzamento por core (núcleo) do servidor. É necesario a compra da licenza para catro

cores por servidor por ser o mínimo que se comercializa.

- Versión: SQL 2022 Standard Core.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Ozona Consulting S.L., duna licenza da BBDD Microsoft SQL 2022 Standard, licenzamento por Core, 4 Cores por servidor por un prezo de 10.219,66 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.64100.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4319

Dáse conta do escrito presentado por Pirotecnia Penide SL comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para o día 1 de novembro de 2025, con motivo da celebración dun evento en Vilaxoán.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4320

Dáse conta do escrito presentado por Dona Juliana Barbosa Sánchez, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa da Plataforma Veciñal contra a Mina de Touro-O Pino, na Rúa Arcebispo Lago, á altura da Praza de Galicia, o día 4 de novembro de 2025..

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4324

Dáse conta de solicitude con número de rexistro 2025015552 RE 793/25 de data 22/10/2025, presentada por Noemi FANDIÑO OTERO, pola que se solicita a instalación dun semáforo, que regule o cruzamento de peóns no paso situado fronte ao número 70 da Avenida as Carolinas, polo perigo que existe neste punto polo paso de escolares e a visibilidade existente.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que con respecto á instalación de semáforos nesta vía, a solicitude debería tramitarse ante o titular da vía que é a N-640 A, que pertence á Rede de Estradas do Estado (Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible).

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ao Organismo titular da Estrada, Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, a autorización ou a instalación dun semáforo no citado lugar.

PRP2025/4326

Dáse conta de escrito, con número de rexistro 2025015755 (RE-820/25), de data 27/10/2025, presentada por Inmaculada OTERO MOURIÑO, solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida á altura do nº 43 da Rúa Extramuros, Carril.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que na actualidade xa existe unha praza destas características nas proximidades do domicilio da solicitante, ante a demanda de prazas exposta na solicitude, sería conveniente a creación dunha nova que podería xerarse a continuación da xa existente, para dar solución a esta demanda. Faise constar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente, nunca se conceden con uso exclusivo de persoas determinadas.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida a continuación da existente na actualidade.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4327

Dáse conta de escrito con número de rexistro 2025015221 (RE-769/25), de data 15/10/2025, presentado por María Mercedes FOJO SANTAMARINA, con relación á solicitude de creación de

praza reservada para persoas con discapacidade na Rúa Santa Lucía.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na actualidade non existe ningunha praza destas características nesta rúa. Polo exposto na solicitude, sería conveniente a creación dunha praza reservada a persoas con discapacidade, á altura do número 6 da citada rúa, concretamente a praza seguinte a un vao permanente existente neste punto. Faise constar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente, nunca se conceden con uso exclusivo de persoas determinadas.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na praza seguinte ao vao permanente existente á altura do nº 6 da Rúa Santa Lucía.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4328

Dáse conta de escrito, con número de rexistro WEB2025008894 (RE-775/25), de data 17/10/2025, presentado por Gustavo Antonio TOJO FERNÁNDEZ, con relación a problemas que hai no acceso que o ÍES CASTRO ALOBRE ten por Rúa do Pino.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que realizada unha inspección na zona pódese comprobar que existen sinalización vertical de entrada prohibida "Agás Profesorado" e de prohibición de estacionamento nunha marxe, atopándose completamente borradas as liñas amarelas que prohibían o estacionamento a ambos os dous lados, polo que sería conveniente o seu repintado e colocar sinais de prohibido parar (R-307), ao tratarse dun acceso ao centro educativo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao repintado e á colocación de sinalización de prohibido parar (R-307).

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4329

Dáse conta de escrito, con número de rexistro WEB2025009162 (RE-804/25), de data 24/10/2025, presentado por Pilar LORENZO REGADES, con relación a problemas que padecen os veciños de Rúa Duque de Terranova, en relación á velocidade coa que circulan os vehículos por esta rúa.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que se poden realizar controis de velocidade na mesma dentro das campañas e controis que se realizan no municipio a este efecto, así como incluír esta rúa no plan anual de lombos redutores de velocidade, colocando algún na mesma.

Con relación aos estacionamentos no carril de circulación, faise constar que o ancho da rúa non permite o estacionamento na mesma, xa que ao tratarse de tramos de dobre sentido de circulación non hai anchura suficiente, polo que para evitar estas situacións habería que delimitar os carrís de circulación en toda a rúa, o que provocaría que os vehículos que estacionen nestes tramos farían sobre un carril de circulación e terían que ser denunciados, ao obrigarse a invadir o carril contrario aos vehículos en circulación.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se realicen controis de velocidade pola Policía Local na zona, así como incluír esa zona no plan de instalación de lombos redutores de velocidade.

Dar conta ao Enxeñeiro Municipal D. Oscar Álvarez.

PRP2025/4332

Dáse conta de escrito, con número de rexistro 2025012915 (RE-598/25), de data 03/09/2025, presentado por Juana SUAREZ LOUREIRO, para a creación de lombo redutor de velocidade en Rúa Castroagudín O Vento 25 - 27.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que, por erro en informe anterior remitiuse petición á Xunta de Galicia, cando en realidade este tramo de vía corresponde á EP-9601, cuxa titularidade corresponde á Deputación Provincial de Pontevedra. Polo que realizada inspección do lugar pódese comprobar que se trata dun tramo de vía comprendido entre dúas

curvas de visibilidade restrinxida, polo que se sería conveniente a creación de lombos redutores neste tramo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a creación de lombos redutores de velocidade no citado lugar (Rúa Castroagudin - O Vento nº 25-27).

PRP2025/4333

O Organismo Augas de Galicia ten instalado durante os anos 2024 e 2025 máis de 50 novas estación de aforo en diferentes canles da demarcación. Estes puntos de control deben ter niveis de aviso, necesarios para poder xestionar o risco e desenvolver medidas preventivas e de autoprotección, minimizando así os danos en caso de avenidas. Así no caso de acadar superar o nivel de normalidade, no marco do plan INUNGAL, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a través do CIAE112 avisaría aos medios de intervención para que adopten as medidas necesarias e mobilicen no seu caso os medios e recursos dispoñibles.

Para calibrar o nivel da estación de O CON, Augas de Galicia solicitou ao Concello de Vilagarcía de Arousa, que revisaran e no seu caso propuxeran motivadamente, os niveis:

Estado	Criterio o descripción	Nivel (m)
Normalidade	Non existe ningún risco	< 0,870
Seguimento	Aumento e enchido do leito con marxe significativa para producir afeccións	0,870
Prealerta	Prevense inundacións e desbordamentos, sen producir afeccións significativas (paseos fluviais, estradas secundarias, etc.)	1,099
	Afeccións significativas e danos materiais (inundacións en baixos, centros comerciais, sanitarios, etc.)	1,366

Estes niveis de aviso alcanzáronse ñas seguintes datas:

Seguimento	09/10/2024 - 05/01/2025 - 26/01/2025
Prealerta	16/10/2024
	Non se acada este escenario

Dado que os medios de intervención, de seguridade, o voluntariado de protección civil, e os servizos municipais de protección civil son os que están a intervir ñas emerxencias, a través do correo enviado comunican a actuación que se está a desenvolver, co fin de que se colabore na estimación correcta de limares, o que redundará na mellora da protección da cidadanía fronte aos riscos de inundación.

Calquera proposta motivada de cambio de limiares, deberá ser dirixida ao seguinte enderezo electrónico: subdireccionplanificacion.augas@xunta.gal

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que polo Servizo Municipal de Emerxencias e Protección civil se realice o informe correspondente e se remita ao enderezo electrónico indicado por Augas de Galicia.

PRP2025/4334

Dáse conta de escrito, con número de rexistro 2025015543 (RE-794/25), de data 22/10/2025, presentado por Pedro DE LA IGLESIA MORENO, con relación a problemas que padece á hora de utilizar o vao sito en Os Duráns, número 25, segundo manifesta vehículos invaden parte do vao e isto ocorre de forma habitual, o que lie causa moitas molestias ao utilizar o vao que ten autorizado.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a causa de que se estacione neste punto ocupando parte do vao, débese a que o espazo que existe entre este vao e o anterior é de 7,5 metros, o que supón que queda un espazo totalmente insuficiente para o estacionamento de dous vehículos, que aínda así os usuarios tentan aproveitar este espazo para aparcas, causando un problema aos titulares dos vaos, polo que sería conveniente a utilización deste espazo como unha reserva para motocicletas e unha praza reservada para persoas con mobilidade reducida, procedendo á súa sinalización horizontal e vertical para evitar este problema no lugar indicado. Así mesmo faise constar que esta rúa carece deste tipo de reservas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza para estacionamento de motocicletas e unha praza para persoas con mobilidade

reducida no lugar indicado.
Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4335

Vista a proposta da Concelleira de Seguridade, e debido á rotura de uniformidade de diversos axentes en intervencións realizadas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL, con CIF B36112043, para o subministro de 2 pares de botas, un polo de manga curta e un pantalón, por un importe total de 588,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4344

A Xunta de Goberno Local, o 13/10/2025, aprobou o convenio regulador para a concesión directa da subvención a favor da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilagarcía de Arousa con CIF G-36.213.213.

En data 21/10/2025, o convenio foi asinado polas partes.

A cláusula 7 do convenio prevé a posibilidade de aboar un anticipo do 50%, á sinatura e aprobación do convenio regulador, coa finalidade de poder garantir o funcionamento da entidade e poder levar a cabo as actividades inherentes á subvención.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento da obriga derivada da aprobación do anticipo da subvención concedida á entidade Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilagarcía de Arousa, con CIF G 36.213.213 por importe de 32.500,00 €, (50% do importe concedido) con cargo á aplicación orzamentaria 135-489 segundo o establecido no convenio na cláusula 7.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/4351

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aboamento da cota anual 2025 á FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO CON CIF: G36242071 por importe de 2.500,00 euros, con cargo á partida 231.489, na conta bancaria indicada.

Proxecto plan concertado 2025/3/ccrte/1/1

EMPREGO

PRP2025/4300

Para o Nadal 2025, as accións de dinamización comercial, que se propoñen pola Concellería de Promoción Económica desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1. Dinamización de rúas comerciais entre o 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026.
2. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da mesma e da súa contorna dende o día 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026 (ambos inclusive).
3. Deseño e realización de Xardíns efémeros e decoración de rúas comerciais de Vilagarcía (Nadal 2025-2026).

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2025 será o “CONTO DE NADAL” de CHARLES DICKENS e a Inglaterra Vitoriana, para o que será preciso levar a cabo unha ambientación acorde coa temática, decoración, sonorización e iluminación artísticas dos espazos; que serán neste NADAL 2025, na renovada Rúa Clara Campoamor e na Praza Peixería.

En sesión de XGL de 27 de outubro de 2025, foi aprobado o gasto e adxudicado o contrato de servizos de Planificación, Pre-producción dos espazos e dos eventos a NELSON QUINTEIRO ROA NIF 78734451T, por un orzamento base de licitación de 18.029,00 Euros IVE engadido

(15.529,00€ a cargo do exercizo 2025 e 2.500,00 con cargo ao exercizo 2026).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para as ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL PARA O NADAL 2025-26 no Concello de Vilagarcía, por contía máxima estimada de 89.029,00 € (IVE engadido) (83.029 Euros para o ano 2025 e 6.000 Euros para o ano 2026), coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	GASTO ESTIMADO 2025	GASTO ESTIMADO 2026	GASTO TOTAL	PARTIDA
DECORACIÓN TEMÁTICA, DA PRAZA PEIXERÍA E RÚA CLARA CAMPOAMOR	18.029,00 €	0,00	18.029,00 €	4311-22610
SONORIZACIÓN E ILUMINACIÓN ARTÍSTICA DA ALDEA DE NADAL E XARDÍNS EFÉMEROS	16.500,00 €	0,00	16.500,00 €	4311-22610
ESPECTÁCULOS PARA DINAMIZACIÓN DAS RÚAS COMERCIAIS, CONTACONTOS, TEATRO E ARTISTAS DE DIFERENTES PERFÍS	18.600,00 €	0,00	18.600,00 €	4311-22610
ADQUISICIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS PARA MONTAXE DE XARDÍNS EFÉMEROS EN PUNTOS ESTRATEXICOS DA CIDADE.	17.900,00 €	0,00	17.900,00 €	4311-22610
SERVIZO DE SEGURIDADE PARA A VIXIANZA DAS INSTALACIÓNS	0,00	6.000,00 €	6.000,00 €	4311-22799
ADQUISICIÓN DE ELEMENTOS FUNXIBLES E MATERIAL NECESARIO PARA O ACABADO, ILUMINACIÓN INTERIOR, TORNILLERÍA, SEGURO, MADEIRA, AREA, MERCHANDISING RELACIONADA COA TEMÁTICA, LIMPEZA ATREZZO PAPÁ NOEL E PERSONAXES DE NADAL ETC	12.000,00 €	0,00	12.000,00 €	4311-22610
T O T A L (imputable a 2025)	83.029 € IVE engadido*			
T O T A L (imputable a 2026)	6.000,00 € IVE engadido*			

PRP2025/4314

Como cada ano polo Nadal, o Concello levará a cabo un acto solemne de prendido das luces de Nadal, coa participación de toda a veciñanza que se congrega na contorna da Praza de Galicia para abrir oficialmente o Nadal de Vilagarcía 2025-2026.

Para dar ao evento a visibilidade que require, faise preciso formalizar as contratacións, seguintes:

- PRODUCCIÓN PRENDIDO DE NADAL. A prestación do contrato inclúe aluguer de carroza con condutor, aluguer tándem máis equipo de son, personaxes Rodolfo e Adelfa, rexedor do desfile e alumeado, intérprete de signos, produción e creación de material audiovisual.
- ELFOS PRENDIDO DE NADAL. A actividade consiste en animación e desfile de Papá Noel, concerto de prendido do alumeado de Nadal e gravación estudio Viva la Vila.
- SERVIZO DE DIFUSIÓN E PROXECCIÓN DE IMAXE, ILUMINACIÓN E SON.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e os orzamentos presentados, coa seguinte desagregación:

RAZÓN SOCIAL	NIF	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
PABLO JUEGUEN GARCÍA	35473888E	Produción prendido de nadal	4311-22706	4.501,20 € IVE engadido
ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL CODA	G94097508	ELFOS PRENDIDO DE NADAL: Animación e desfile de Papá Noel, concerto de prendido do alumeado de Nadal e gravación estudio Viva la Vila	4311-22610	4.000,00 € IVE engadido
GLOBALSETUP SLU	B94119104	Difusión e proxección de imaxe, iluminación e son	4311-22610	5.402,41 € IVE engadido
TOTAL CUSTO ACTIVIDADE			13.903,61 € IVE engadido)	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4315

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación por conta allea 2025, presentada por ORG. EMPRESARIAL PARQUISTAS DE CARRIL NIF: G36121861, informase pola Área de Promoción Económica o seguinte:

PRIMEIRO. Que en data 4 de setembro de 2025 foi presentada por ORG. EMPRESARIAL PARQUISTAS DE CARRIL NIF: G36121861, solicitude de axuda á contratación por conta allea, acompañando a documentación que estimou procedente.

SEGUNDO. Revisada a documentación presentada, foi requirido telemáticamente en data 16 de setembro de 2025 a fin de que aportara a seguinte documentación complementaria xustificativa do dereito á subvención:

- Comunicación previa de inicio de actividade, ou de ser necesaria, licenza de obra e/ou apertura, para o exercicio da actividade empresarial.
- Constando débedas pendentes co Concello de Vilagarcía, requiriuse que acredite o aboamento da mesma como requisito indispensable para poder continuar coa tramitación do procedemento.
- NIF da entidade solicitante de axuda

A entidade solicitante acusou recibo da notificación do requirimento o mesmo día 16 de setembro de 2025, porén, transcorrido comprimadamente o prazo para a súa cumprimentación, non aportou a documentación que lle foi requirida, polo que en cumprimento do disposto no artigo 68 da LPACP, procede ter á solicitante por desistida da solicitude formulada e proceder ao seu arquivo.

TERCEIRO. Segundo consta na BASE SEGUNDA da Convocatoria, non poderán ser beneficiarias da subvención as empresas que incumpran o disposto na Lei 9/2013 de Emprendemento e Competitividade Económica de Galicia, en relación á comunicación previa de inicio de actividade, as que carezan de licenza de obra e/ou apertura, para o caso de ser esixibles, ou incumpran calquera requisito necesario para o exercicio da actividade empresarial ou profesional no Concello de Vilagarcía de Arousa.

A entidade solicitante carece de licencia de actividade, sendo declarada ineficaz a comunicación previa formalizada fronte ao Concello de Vilagarcía.

Tendo en conta o antedito, a entidade solicitante non cumpre os requisitos exixidos polas bases reguladoras para ser beneficiaria da axuda, polo que procede a DENEGACIÓN da subvención solicitada.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a concesión da axuda solicitada.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/4256

O pasado 13/10/2025 a XGL autorizou unha proposta de gasto referida a adquisición de material funxible, libros e partituras a D. Carlos Galbán Zaragoza para o Conservatorio Profesional de Música.

Posteriormente veuse a necesidade de adquirir diverso material: Castañuela MEINL CM2, 2 fundas para as caixas de percusión, unha sordina, un Copperbottom e un controlador de presión para o trombón, un arco para o cello e unha guitarra Admira Alba.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza por un importe de 967,92 € (799,93 € + 167,99 € do 21% IVA) con cargo a partida 3261 213 para o subministro do seguinte material: Castañuela MEINL CM2, 2 fundas para as caixas de percusión, unha sordina, un Copperbottom e un controlador de presión para o trombón, un arco para o cello e unha guitarra Admira Alba.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/4395

A Asociación Arousa Moza (con CIF:G94157963), por escrito presentado por Francisco Borja Santamaría González con DNI.:35598305D e enderezo Avda. Praza de Ravella nº 9 planta 1 porta A nº3 1pt: A, o pasado día 6 de novembro de 2025 e por sede electrónica, solicita autorización para realizar un magosto e xantar comunitario no espazo do Parque-Xardín Dr. Fleming de Vilagarcía o vindeiro día 15 de novembro de 2025, en horario de 13:00 a 17:00 horas. En caso de mal tempo trasladarán ás actividades ao interior do local da asociación (na Rúa Dr. Fleming nº 2) pero anulando a actividade de asado de castañas.

Así mesmo solicitan a colaboración municipal para o desenvolvemento da actividade.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar á entidade Asociación Xuvenil Arousa Moza para o uso do espazo municipal solicitado, debendo cumprir as seguintes condicións:

- Achegar, antes do comezo da actividade, o seguro de responsabilidade civil e recibo de abono do mesmo.
- Responsabilizarse do control de acceso e saída ao recinto solicitado así como do bo desenvolvemento da actividade no relativo ao control do aforo máximo da instalación.
- Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias vixentes en todo momento nas instalacións solicitadas e nas actividades, así como aquelas dadas polas autoridades sanitarias competentes e a respectar, as normas municipais de réxime interior das respectivas instalacións.
- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento da actividade.
- A responder dos actos que se realicen na instalación e materiais concedidos e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto. As actividades que desenvolva o grupo de participantes na actividade ou entidade organizadora non teñen consideración de actividade propia do concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/4316

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para subministro do material necesario para a realización de peche no parque infantil da Zona Mulatas (estacas de madeira tratada e 162 lamas de polietileno de 6 cores diferenciados), ás seguintes Empresas, con cargo á partida 171.22615, de conformidade cos orzamentos presentados:

- BRICANTEL ESPAÑA S.L. con B-49280720 por unha cantidade de 2 499,26 € (IVE incluído).
- MADERAS REDONDO S.L. con CIF B36158897 por 1.058,15 € (IVE 21% incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2025/4368

Logo da sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Vilagarcía de Arousa e Abanca Corporación Bancaria SA, para a celebración das Festas de San Roque 2025, polo que a Axencia Galega de Turismo achega a cantidade de 25.000 € e ABANCA Corporación Bancaria SA 5.000€, e vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte memoria xustificativa, facendo constar que:

Primeiro: Se cumpriu a finalidade da subvención xa que as festas de San Roque celebráronse tal e como estaban previstas.

- O concerto incluído no convenio foi gratuíto para o público.
- A actuación de DAVID BUSTAMANTE, foi o 20/08/2025.

Segundo: Os distintos conceptos e contías das Festas de San Roque 2025 incluídos no convenio son:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA DE PAGO	IMPORTE €	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
24/09/2025	1425680897	13/10/2025	41.140,00 €	B88262431	1 GLOBAL TALENT SERVICES MUSIC ENTERTAINMENT SPAIN, S.L.U.	Actuación de DAVID BUSTAMANTE

Dos 41.140,00 E € aos que ascenden estas actuacións, 25.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia e 5.000 € por ABANCA. Os restantes 11.140,00 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2025 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/4345

Mediante Resolución de transferencias, do 18 de xullo de 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2025 (BOE 29 de xullo de 2025). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 22.104,31€.

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade- CIM.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2026 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2026.

En base ao anterior a Área de de Igualdade vai adicar parte destes fondos ao desenvolvemento de distintas accións con motivo do 25N, data na que se conmemora o Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, por importe total de 12.370,70 € para a realización dunha campaña de sensibilización e outras actividades reivindicativas contra as violencias machistas e a favor do bo trato, con motivo da celebración do 25N - Día Internacional contra a violencia de xénero, coa seguinte desagregación:

PROVEDOR	SERVIZO	IMPORTE	PARTIDA
IRIA OTERO FERNÁNDEZ 53113751N L. da Carrasqueira 63, 36930 Bueu - Pontevedra	-Estratexia, deseño, creatividade Campaña 25N 2025	7.260.00€	2312.22602
EMPRESA PEREIRA S.L B36030997 Rúa patiño 19. Polg. , Trabanca Badiña 36600 Vilagarcia de Arousa	-Aluguer mensual autobús para colocación publicidade. Traseira e laterais	181.50€	2312.22602
BAÑOS PRINT S.L. B36252872 Rúa López Ballesteros 9 36600 Vilagarcia de Arousa	-Impresión 150 cartaces -Rotulación bus -Vinilos marquesinas	3.400,70€	2312.22602
XONIX RECORDS S.L. B94050762 Rúa Ramón de Valenzuela 12, 4ºB - A Bandeira 36570 Silleda - Pontevedra	-Participación Pauliña no festival reivindicativo polo 25N	726,00€	2312.22615
CINE CLUB ADEGA G360018513 Apdo. Correos 205 36600 Vilagarcia de Arousa	-Proxección do filme Soy Nevenka	500,00€	2312.22615
VIÑAS PUBLICIDADE S.L. B36570141 Deiro de Arriba 18, A 36628 Tremoedo. Vilanova de Arousa	-Reparto e colocación material campaña 25N	302,50	2312.22602

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2025/4342

Visto o escrito presentado por D. Iago Manuel Regueiro Díaz, en representación de Etiqueta Negra Producciones SL, solicita uso de instalación municipal, neste caso salón de actos do Auditorio Municipal para realizar os ensaios do espectáculo NYMERIA, da compañía Pablo Méndez, os días 3,4,5,6,10,11,12 e 13 de novembro de 2025, en horario de 10:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00 h.

Dado que a instancia non foi presentada en tempo e forma, non se puido tramitar con anterioridade a data de inicio de uso de instalación, neste caso salón de actos do Auditorio Municipal, así como as taxas correspondentes polo uso da mesma

Segundo o establecido na Ordenanza Fiscal III.1 Reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do concello de Vilagarcía de Arousa a esta entidade correspóndelle o aboamento da seguinte taxa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	8	264,70€	2.117,60€
PERSOAL: -RESPONSABLE DE SALA: (8 días) DE 10:00 a 14:00: 4 h. DE 16:00 a 20:00: 4 H.	8 H x 8 días= 64 h	PREZO 10,20€	IMPORTE 652,80€
-OPERARIO ()montaxe e desmontaxe) Día 3-11- 2025: 10.00 a 14:00: 4 H montaxe Día 6-11-2025: 16:00 a 20:00: 4 H (desmontaxe) Día 10-11-2025: 10:00 a 14:00: 4 h. (montaxe) Día 13-11-2025: 16:00 a 20:00: 4 h. (desomontaxe)	4 x 4 h= 16 h.	10,20€	163,20€
		TOTAL	2.933,60€

Vista a proposta favorable da Concellería de Cultura en relación coa aprobación de uso de instalación municipal a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o aboamento por parte do solicitante da tarifa indicada.

Comunicaselle que deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**PRP2025/4309**

Visto o expediente de gasto INT/2025/562 integrado pola relación de xustificantes F/2025/207 por importe de 3.756,06 €.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Municipal, acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2025/207 por importe de 3.756,06 € coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2025/6669	25SF10259446	25/09/2025	505,72 €	3261	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 3261 CONSERVATORIO Período Del 1/9/2025 al 30/9/2025 (ID:SL07174DNNE AVDA. DA MARIÑA Nº 27
F/2025/667	25SF10259447	25/09/2025	4,50 €	3321	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3321 BIBLIOTECAS Período Del 1/9/2025 al

0								30/9/2025 (ID:SL07082DNNE RUA VAZQUEZ LEIS, 16 VI
F/ 2025/667 1	25SF10259445	25/09/2025	3.218,29 €	920	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 920 ADMON XERAL Período Del 1/9/2025 al 30/9/2025 (ID:SL03100DNNE PLAZA DE RAVELLA, 1 VILAG
F/ 2025/667 2	25SF10259444	25/09/2025	27,55 €	241	22000	B50570571	SOLITIUM, S.L.	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 241 EMPREGO Período Del 1/9/2025 al 30/9/2025 (ID:SL03078DNNE AVDA. DE MATOSINHOS, N°1- BAJ
		TOTAL	3.756,06 €					

PRP2025/4373

Dáse conta do fallo da sentenza de data 31/07/2025 do Xulgado Contencioso/Administrativo nº 3 de Pontevedra referente ao recurso contencioso-administrativo interposto por IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U. contra a desestimación presunta da impugnación por ela realizada do rexeite da factura nº 2629, serie 1500, de data 28/11/2023:

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as fases de autorización, disposición e recoñecemento de obriga do gasto a favor de IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U. por importe de 12.904,05€ coa seguinte desagregación:

Nº Operación	Fase	Fecha	Proyecto	Aplicación	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
920250009777	ADO	31/10/2025	2018 3 DUSI 6 1	150 2270617	12.100,00	A48283964	IDOM CONSULTING, ENGIN., ARCHIT., S.A.U.	EXECUCIÓN SENTENZA P.ABREVIADO 0000240/2024 DO XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. 3 PONTEVEDRA. FRA. 1500 2629. R.E: 2023/8461
				934 359	764,05			
				920 22604	40,00			
				TOTAL	12.904,05			

PRP2025/4374

Visto o expediente de gasto INT/2025/439 integrado pola relación de xustificantes F/2025/156 por importe de 482.350,38€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2025/156 por importe de 482.350,38€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/ 2025/500 8	2025/1841	30/06/2025	109.501,37	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Xuño 2025 / Reducción (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/ 2025/500 9	2025/1936	30/06/2025	1.790,05	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento Biorresiduos Mes Xuño 2025 (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/ 2025/547 1	2025/2107	31/07/2025	121.378,84	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Xullo 2025 / Reducción (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/ 2025/626 8	2025/2519	31/08/2025	1.889,57	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento Biorresiduos Mes Agosto 2025 (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/ 2025/653 4	2025/2577	16/09/2025	130.568,57	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Agosto 2025 / Reducción (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/ 2025/721 4	2025/2912	30/09/2025	115.512,21	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Setembro 2025 / Reducción (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/ 2025/722 4	2025/2948	30/09/2025	1.709,77	1623	22700	A15379803	SOGAMA, S.A.	Tratamento Biorresiduos Mes Setembro 2025 (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
		TOTAL:	482.350,38					

PRP2025/4375

Visto o expediente de gasto INT/2025/626 integrado pola relación de xustificantes F/2025/154 por importe de 25.587,22€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2025/154 por importe de 25.587,22€ coa seguinte desagregación:

N° de Entrada	N° Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2025/4762	1347251102414	11/07/2025	1.664,42	135	22199	B12019659	BAYGAR SL	CINTA BALIZAMIENTO GALGA-400 10cm ESP 1 CARA CON IMPRESIÓN 2+0 ACT3003 (ROLLO 200m)
F/2025/5066	4734171842	04/06/2025	1.144,66	132	22108	A08472276	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	PINTURA SEÑALIZACIÓN VIAL 421 BLANCO 20L
F/2025/5074	A 48	16/12/2024	384,42	135	214	35462450S	BENITO VARELA GARCIA	FILTRO ACEITE SUZUKI DF 70A/80A/90A/100/ (SERVICIO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS 135 PROTECCION CIVIL VILAGARCIA REPARACION E
F/2025/5084	D01 7194	18/07/2025	385,39	135	22199	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	ARNES ASTRO V. EUROPEA C083AB01 - PETZL (-) / ESTRIBO FOOTAPE C47A - PETZL (ALBARAN: 364.659 FECHA: 05.05.2025 SERV
F/2025/5191	D01 7290	24/07/2025	689,94	135	213	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	REVISION Y MANTENIMIENTO ALTAIR 4X 6019051 / SENSOR OXIGENO XCELL REF:10106729 / SENSOR DUOTOX CO/H2S REF:10106725 (ALB
F/2025/5220	202504758	30/06/2025	91,45	132	22199	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	ALICATE CORTE DIAGONAL AISLADO 160MM / GUANTE 1LASB08 LATEX AZUL 13L700 G.13 SUPER AGARRE 3131X T-08 / BRIDA NYLON NEGRA
F/2025/5261	25-06392	20/06/2025	362,21	132	213	A46138921	ELECTRONICA TRAFIC, S.A.	FACTURA CORRESPONDIENTE A LAS SIGUIENTES INTERVENCIONES (según su aviso de fecha 22/05/2025 y su Orden de Compra nº 9260
